



Convenio marco de cooperación educativa suscrito entre a Universidad Politécnica de Madrid e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidad Politécnica de Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos prorrogable por acordo expreso por un período de igual duración.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a participación da Agacal na formación práctica dos estudantes nas súas propias oficinas ou centros de traballo, así como a colaboración co profesorado das titulacións implantadas na UPM en temas que resulten de interese mutuo. En particular, as partes acordaron colaborar no desenvolvemento de prácticas académicas externas (curriculares ou extracurriculares) e de Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Master, segundo se estableza nos proxectos formativos individuais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

un dos obxectivos da Universidade Politécnica de Madrid consiste en achegar a formación universitaria á realidade social e profesional do noso entorno, mediante o establecemento de relacións con Institucións/Entidades Colaboradoras, que permitan completar o proceso formativo do alumnado con unha posta en práctica dos coñecementos teóricos adquiridos, mediante a realización de prácticas externas, que faciliten a posterior incorporación ao mundo laboral.

A UPM está interesada en establecer un Programa de Colaboración coa AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA para a realización de prácticas académicas externas dos estudantes matriculados na mesma, incluíndose a realización de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster.

A Agacal está interesada en colaborar coa UPM no desenvolvemento das anteriormente mencionadas accións formativas que resulten de interese para ambas partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

